



RSC Sector Textil Galicia

Parque Tecnológico de Vigo; Calle C-Edificio Dotacional;
36314, Vigo

Teléfono: 986 43 93 96

cointega@cointega.com

www.cointega.com



1. DIAGNOSE XERAL DO SECTOR EN MATERIA DE RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL.


1.1. ANÁLISE DOS RESULTADOS DO TRABALLO DE CAMPO.

A continuación presentamos os datos mais salientables extraídos do traballo de campo propiamente dito.

1.1.1. Perfil das empresas

Con respecto á **tipoloxía de actividade** na que se agrupan as empresas consultadas, vemos como o 54,55% das mesmas concentran a súa actividade na "Confección", o 22,73% no "Xénero de Punto", o 15,91% á "Distribución" e o 6,82% a "Outras Fabricacións".

GRÁFICO 1: TIPOLOXÍA DA ACTIVIDADE DAS EMPRESAS CONSULTADAS



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos no traballo de campo.

Outro aspecto importante que describe o perfil das empresas do sector son os anos de **antigüidade** ó servizo do sector. A media de anos de antigüidade das empresas do sector sitúase ó redor dos 20 anos ó servizo, atopándonos cun abanico dende 2 anos ata os 50 anos.


O terceiro aspecto a ter en conta para a elaboración do perfil de empresas é a súa pertenza a algún grupo empresarial ou delegación multinacional. Tan só o 6,82% das empresas consultadas responden de forma positiva a esta pregunta. Ademais, o 100% das mesmas afirman que a súa sede central atópase en Galicia e preto do 96% din posuír soamente un centro de traballo.



Outra característica que define ás empresas do sector é a tipoloxía dos seus empregados. A maioría deles son mulleres; a súa presenza é maioritaria nos postos de produción, aínda que tamén en ocupacións como o deseño ou o patronaxe.

Sen embargo, segundo os datos obtidos no traballo de campo, observamos como os postos directivos son ocupados en maior medida por homes.

GRÁFICO 2: PORCENTAXE DE HOMES E MULLERES EN POSTOS DIRECTIVOS



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos no traballo de campo.

Se atendemos á tipoloxía dos contratos do sector vemos como na maioría dos casos as empresas entrevistadas nos comentan que o número de contratos temporais depende moito do volume de traballo que teñan, por iso non podemos ofrecer unha cifra fiable con respecto ós postos de traballo de carácter temporal.


Con respecto ós postos de traballo de carácter indefinido, segundo os datos obtidos no traballo de campo, vemos como a maioría das empresas entrevistadas teñen entre 1 e 10 empregados con carácter fixo (preto dun 40%). En segundo lugar están as empresas que teñen entre 11 e 20 empregados con contrato fixo (preto dun 30%) e así sucesivamente ata chegar ós 50 empregados indefinidos. Isto tamén nos indica a que a maioría das empresas do sector son principalmente pequenas e medianas empresas.

Por último, para completar o perfil tipo das empresas entrevistadas, prestamos atención a cales son na actualidade os obxectivos estratéxicos das empresas. Vemos no GRÁFICO 3, como preto do 30% das mesmas buscan na actualidade a súa "Expansión no mercado", seguido da "Rendibilidade" cun 20,97% e "Consolidación" cun 19,35%.

Por outra banda, vemos que aspectos como a "Innovación" e a "Alta Cualificación" son obxectivos que actualmente non son prioritarios para as empresas consultadas.



GRÁFICO 3: OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS DAS EMPRESAS CONSULTADAS.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos no traballo de campo.

1.1.2. POLÍTICAS DE XESTIÓN EMPRESARIAL.

En primeiro lugar, nos centramos nos ámbitos nos que as empresas teñen implantadas algunha política, certificada ou non, para a súa xestión empresarial. Vemos no GRÁFICO 4 como o 31,88% das empresas consultadas afirman posuír unha política de *Calidade*; o 24,64% afirma posuír unha política de *Prevención de Riscos Laborais*; o 10,14% afirma posuír políticas de *Medioambiente* e, de forma mais residual, atopamos políticas de *Comercio Internacional*, *Igualdade* e *Responsabilidade Social*.

Neste aspecto é importante salientar que preto do 12% das empresas consultadas afirman non posuír ningunha política de xestión empresarial.

GRÁFICO 4: POLÍTICAS IMPLANTADAS PARA A XESTIÓN EMPRESARIAL DAS EMPRESAS




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos no traballo de campo.



Se nos centramos nalgún sistema de avaliación medioambiental para a xestión empresarial das empresas, vemos como o 90,91% das mesmas afirman non posuír ningún; tan só o 4,55% responden de forma positiva. Unha das razóns mais repetidas que comentan a este respecto é que a súa actividade non xenera residuos contaminantes importantes, os cales requiran posuír dita certificación medioambiental.

Das empresas que responden que si posúen un sistema de avaliación medioambiental, todas coinciden en que a certificación que posúen é a norma ISO 14001.

GRÁFICO 5: POSESIÓN DALGÚN SISTEMA DE AVALIACIÓN MEDIOAMBIENTAL DAS EMPRESAS CONSULTADAS




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos no traballo de campo.

Se nos centramos naqueles sistemas de xestión empresarial de carácter certificado, tan só o 22,73% das empresas consultadas afirman posuílo, mentres que o 72,73% contestan de forma negativa e o 4,55% NS/NC. (Ver GRÁFICO 6).

De aquelas empresas que din posuír algún sistema de xestión certificado, todas coinciden en ter a norma ISO 9001



GRÁFICO 6: EMPRESAS CON ALGÚNS SISTEMA DE XESTIÓN CERTIFICADO; AGÁS O MEDIOAMBIENTAL



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos no traballo de campo.

A continuación expoñemos o porcentaxe das empresas que teñen documentos internos para a xestión empresarial da súa actividade diaria (GRÁFICOS 7 e 8):

1. **Plan de Prevención de Riscos:** o 88,60% das empresas consultadas afirman posuír un documento interno que estableza unhas pautas a seguir para a prevención de riscos dos traballadores na súa actividade diaria. Por outra banda, o 11,40% din non posúilo.
2. **Código de Conduta Ética:** o 20,50% das empresas consultadas afirman posuír este tipo de documentos internos, que regulan a conduta a seguir na actividade diaria tanto na relación entre os traballadores da empresa como coas relacións cos demais grupos de interese cos que se relacionan. Pero preto dun 80% das empresas non ten establecido dito documento no seno da súa propia empresa.
3. **Avaliación do impacto ambiental:** neste caso, mais do 95% das empresas afirman non ter establecido dito documento, xa que, tal e como explicábamos anteriormente coas medidas certificadas de carácter medioambiental, consideran que non o necesitan por non xenerar residuos que necesiten uns protocolos de tratamento específicos.
4. **Enquisa de mediación do clima laboral:** este documento tampouco é habitual que o posúan as empresas do sector; tan só o 4,50% das mesmas responden a esta pregunta de forma positiva. Trátase, a grandes rasgos, que de forma periódica se consulte ó persoal que traballa na empresa sobre como se atopan na empresa, das relacións cos compañeiros, de que opinan sobre a actividade que realizan, a forma de traballar en xeral, etc. Moitas das persoas consultadas afirman que ó tratarse de empresas pequenas, á comunicación soe ser directa e que é desta forma como detectan algún problema a este respecto.
5. **Plan de Igualdade:** con carácter xeral, son moi poucas as empresas que posúen este documento internamente. Opinan que ó tratarse dun sector predominantemente feminino, a igualdade xa ven dada por si soa. Así que




- tan só o 4,50% das empresas consultadas posúen esta ferramenta para xestionar os seus recursos humanos.
6. **Cadro de Mando:** trátase de establecer un organigrama claramente establecido. O 27,30% das empresas teñen este documento. Pero a maior parte das empresas do sector din non necesitalo por tratarse de organización pequenas as cales teñen unha plantilla fixa moi reducida e todas ó mesmo nivel, é dicir, xerencia e traballadores.
 7. **Documento de Seguridade para a Protección de Datos:** neste caso, o 47,70% das empresas consultadas dispoñen de dita ferramenta, xa que din estar moi ó día na necesidade de cumprir coa Lexislación a este respecto. Por outra banda, o 52,30% consideran que non o necesitan.
 8. **Memoria de sustentabilidade:** trátase dun documento que ten como obxectivo principal comunicar ós grupos de interese da empresa o desempeño da súa organización en materia financeira, ambiental e social, que son os tres compoñentes que en equilibrio definen o desenvolvemento sostible. Das empresas consultadas, este é o documento que mais descoñecen, xa que tan só o 2,30% das mesmas afirman posuílo, fronte a un 97,70% que non.
 9. **Plan de Conciliación da vida laboral e familiar:** tan só o 15,90% das empresas teñen no seu seno interno un documento que regule a aplicación de medidas en favor dos/as traballadores/as da organización para facilitar a compaxinación de vida laboral e familiar. A maior parte das persoas entrevistadas afirman que cando se dan casos concretos, permiten a redución da xornada laboral, a flexibilidade horaria de entrada e saída, etc.
 10. **Enquisa de satisfacción a clientes:** case o 41% das empresas consultadas teñen un documento que pasan periodicamente ós seus clientes sobre a satisfacción dos mesmos sobre os servizos da propia organización. É importante subliñar que a maioría das empresas que posúen este documento é porque a norma ISO 9001 de calidade así llo require.
 11. **Plan de Formación:** Case a metade das empresas consultadas teñen un Plan de Formación interno, no cal prestan atención ás ofertas existentes en materia de Formación Continua que reciben por parte das consultoras, sindicatos, etc. e fan uso dela. Pero tamén é certo que algunhas persoas entrevistadas nos comentan que existe a necesidade de crear Plans Formativos moito mais concretos e adaptados á propia actividade do sector. Non só se refiren á Formación Continua propiamente dita, senón tamén á necesidade de crear titulacións de grao superior para dotar ó sector de persoal cualificado e novo que impulse novas formas de "facer".






GRÁFICO 7: DOCUMENTOS DOS CALES DISPOÑEN AS EMPRESAS CONSULTADAS (I)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos no traballo de campo.

GRÁFICO 8: DOCUMENTOS DOS CALES DISPOÑEN AS EMPRESAS CONSULTADAS (II).



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos no traballo de campo.

Continuando con este bloque de políticas de xestión empresarial, consultámoslle ás empresas sobre que aspectos consideraban mais importantes para a consecución do Desenvolvemento Sostible no sector téxtil e da confección en Galicia.

Enténdese por “Desenvolvemento Sostible” aquel desenvolvemento que conduza ó crecemento económico, á elevación da calidade de vida e benestar social, sen esgotar a base dos recursos naturais renovables no que se sustenta, nin deteriorar o medio ambiente ou o dereito das xeracións futuras a utilizalo para a satisfacción das súas propias necesidades.


Tras a recompilación dos datos no traballo de campo propiamente dito, o 34,04% das empresas aseguran que é moi importante formar e educar ó empresariado en temas medioambientais dentro do sector; aínda que afirman que non soamente en



temas medioambientais, senón que tamén en temas de eficiencia económica e social.

Por outra banda, o 31,91% das persoas entrevistadas afirman que no sector que nos ocupa é suficiente con cumprir a lexislación vixente para a consecución dun desenvolvemento sostible no sector. Pola contra, un 23,40% din que é necesario ir máis aló do que esixe a lexislación.

GRÁFICO 9: ASPECTOS IMPORTANTES PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DO SECTOR EN GALICIA.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos no traballo de campo.

Para concluír con este bloque de políticas de xestión empresarial, comprobamos que o 77,27% das empresas consultadas posúen mecanismos internos de control para garantir que se cumpra a normativa vixente que lle resulta de aplicación, fronte a 20,45% que afirman non telos e o 2,27% que NS/NC.

As materias nas que máis se centran en que se garanta o cumprimento da normativa vixente son:

MATERIAS	%
Materia en Prevención de Riscos Laborais	28,95%
Materia Económica	26,32%
Dereitos laborais do persoal empregado	20,18%
Materia medioambiental	18,41%
Non dispón de mecanismos para garantir a lexislación vixente	6,14%


Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos no traballo de campo.



1.1.3. GRUPOS DE INTERESE


Enténdese por **grupos de interese** aquelas partes implicadas ou afectadas pola actividade que realizan as empresas. Neste caso pedímoslles ás empresas que nos valoraran nunha escala o grao de influencia ou importancia que cada un dos grupos de interese ten na actividade de dita organización.

CLIENTES: *Mais do 85%* das empresas consultadas consideran "moi importante" o grao de influencia dos clientes na súa actividade empresarial. En ningún caso consideran que os clientes non inflúen ou inflúen pouco na actividade da mesma.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos no traballo de campo


ACCIONARIADO: O 45,50% das empresas consultadas afirman non posuír "Accionariado" por tratarse de pequenas empresas.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos no traballo de campo.




RECURSOS HUMANOS: O 75% das empresas consultadas consideran "moi importante" e "importante" a influencia que os recursos humanos na actividade diaria de dita organización.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos no traballo de campo.

PROVEEDORES: Preto do 80% das empresas consultadas consideran "moi importante" e "importante" a influencia dos provedores na actividade diaria da empresa.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos no traballo de campo.

CONTRATISTAS: Pouco mais do 30% das empresas consultadas afirman que non soen contratar empresas, co cal, non poden avaliar o grao de importancia que ditas empresas contratistas.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos no traballo de campo.

ADMINISTRACIÓNS: O grao de importancia das administracións respecto ás empresas do sector está moi repartida, xa que, por exemplo, o 22,70% a valoran de forma "alta", e o 20,50% a valoran de forma "baixa".




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos no traballo de campo.

COMUNIDADE LOCAL: as empresas consultadas valoran a influencia deste grupo de interese de forma intermedia.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos no traballo de campo.

EMPRESAS COMPETIDORAS: Con carácter xeral, as empresas consultadas consideran que este grupo de interese afecta de maneira substancial na actividade diaria das organizacións do sector.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos no traballo de campo.

ENTIDADES FINANCEIRAS: as empresas consultadas consideran que a influencia deste grupo de interese é importante, sobre todo debido a que se tratan, na súa maioría de pequenas empresas que dependen moito das súas relacións con estes grupos de interese.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos no traballo de campo.

Con respecto a estes grupos de interese mencionados, preto do 80% das empresas consultadas din coñecer as expectativas que estes grupos de interese anteriormente mencionados teñen sobre as súas organizacións.

Por outra banda, as empresas consultadas aseguran que manteñen canais continuos de diálogo e información sobre todo con *Cientes* (un 97,70% das organizacións consultadas), con *Provedores* (un 81,80%), co *Persoal Empregado* (un 77,30%) e coas *Entidades Financeiras* (un 68,20%).

Pola contra, con quen non comparten canais de diálogo e información as empresas consultadas son: *Organizacións non Governamentais* (un 95,50% da empresas consultadas), *Comunidade Local* (93,20%), *Organizacións Sindicais* (90,90%), *Administracións Públicas* (75,00%), *Empresas Competidoras* (72,70%).

Con respecto a se teñen establecido algún procedemento para a recepción e tratamento de queixas e suxestións por parte de clientes ou outros grupos de interese, o 54,55% das empresas consultadas afirman que si o teñen, fronte ó 43,18% que non e o 2,27% que NS/NC.

Ademais afirman recibir queixas con maior frecuencia por parte de *clientes*, *persoal empregado*, *provedores* ou *empresas contratistas* e a *Administración Pública* (esta última en menor medida). Pola contra, aseguran non reciben queixas por parte de *Organizacións Non Governamentais*, *Empresas competidoras*, *Entidades Financeiras* e *Organizacións Sindicais*.

1.1.4. VALORACIÓNS.


En primeiro lugar consultámoslles ás empresas participantes sobre que aspectos valoraban na selección das empresas provedoras e contratistas. Como podemos ver nos GRÁFICOS 10 e 11, o que máis se valora é que ditas empresas *estean ó día no pago dos seus impostos e pagos á Seguridade Social* (68,20%), seguido de que *cumpran a lexislación en materia Laboral* (56,80%), en *materia de Prevención de Riscos Laborais* (34,10%).



Con carácter xeneral, as empresas consultadas non valoran tanto á hora de escoller ós seus provedores e contratistas que posúan certificación propiamente ditas, tanto sexa de *Calidade*, *Medio Ambiente* e *Prevención de Riscos Laborais*.


Con respecto a que valoren que as empresas sexan *Socialmente Responsables* tan só o 18, 20% das empresas consultadas afirman valorar esta cualidade.

GRÁFICO 10: ASPECTOS QUE VALORA NAS EMPRESAS PROVEDORAS E CONTRATISTAS (I)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos no traballo de campo.

GRÁFICO 11: ASPECTOS QUE VALORA NAS EMPRESAS PROVEDORAS E CONTRATISTAS (II)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos no traballo de campo.



Tamén é importante salientar que tan só o 34,09% das empresas participantes lles esixen a presentación dalgún documento ás empresas provedoras para que o demostren antes de asinar o contrato.


No sentido contrario, é dicir, que as empresas provedoras e contratistas lles requiran certos certificados relativos ó cumprimento da lexislación en materia laboral, medioambiental, etc., tan so o 38,64% das organizacións participantes responden afirmativamente.

Outra valoración correspóndese coa opinión de se pensan que as súas empresas realizan prácticas sociais e medioambientais responsables, ó cal preto do 80% das empresas pensan que si lles caracteriza esta cualidade, fronte ó 6,82% que opina que non e o 13,64% que opina que NS/NC.

Se lles consultamos sobre esta cuestión pero valorando en conxunto as empresas do sector, aquí a opinión varía, xa que o 43,18% NS/NC, o 29,55% opina que "SI" son Socialmente Responsables e o 27,27% opina que "NON".

A seguinte valoración que lles suxerimos ás empresas participantes foi acerca de que instrumentos de aplicación ás empresas do sector poderían mellorar a súa imaxe e cohesión interna para facelo mais competitivo. Como podemos observar no GRÁFICO 12, un 44,29% das empresas opinaron que o mellor instrumento sería un "Plan de Mellora da Competitividade Empresarial do Sector"; o 17,14% considera que o mellor instrumento sería un "Plan de Actuación Conxunto para evitar prácticas prexudiciais"; o 14,29% opina que sería mellor un "Código de Conduta Ética" e, por último, o 12,86%, "Medidas de Avaliación Periódicas das Actuacións das Empresas".

GRÁFICO 12: INSTRUMENTOS DE APLICACIÓN ÁS EMPRESAS DO SECTOR.




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos no traballo de campo.



Para finalizar, as empresas participantes explicaron que valores, segundo o seu parecer, consideraban propios do sector en Galicia que o diferencian do resto dos sectores productivos ou do mesmo sector a outros niveis territoriais.

En primeiro lugar, a "Calidade no deseño" é o valor que mais caracteriza ó sector neste momento, seguido do "Auxe da moda galega", da "Innovación" e da "Falta de Axudas ás PYMES do sector".

GRÁFICO 13: VALORES PROPIOS DO SECTOR TÉXTIL E DA CONFECCIÓN EN GALICIA.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos obtidos no traballo de campo.